nós.

NÚM. 1

30 Outono de 1920

NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBRICACIÓS «NÓS»

DIRETTOR:
Vicente Risco

XERENTE:
Arturo Noguerol

REDAUTOR-XEFE:
Xavier Prado (Lameiro)

SEORZDARIO DA REDAUCIÓN:
Xulio Gallego

REDAUTORES:
Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas

COLABORADORES:
Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo Abente, Manoel Banet Fontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

REDAUCIÓN Y-ADEMÍNISTRACIÓN
Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península. . . . 6 *ptas.*
» *Fora. . . . . .* 15 »
Número solto, 60 *céntimos.*

Iste boletín non publica mais orixinais que os que foran direitamentes solicitados pol-a Dirreución.—Tampouco se fai solidario das ideias n-elas emitidas, non sendo dos que por non iren firmados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

Primeiras verbas.
Fala do Sol, TEIXEIRA DE PASCOAES.
O sentimento da terra na raza galega, VICENTE RISCO.
Poetas de Galizia, PHILEAS LEBESGUE.
Dos nosos tempos, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
O probrema do traballo en Galicia, ARTURO NOGUEROL.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia.
Os homes, os feitos, as verbas:
Teixeira de Pascoaes e NÓS.
Philéas Lebesgue.
Letras e artes galegas.
Libros.
Revistas.
Fora de testo: *A Boda de San Xoan*, CASTELAO

Casa dos lentes GARCIA ÓPTICO

GRADÚASE A VISTA :-: GRAN SURTIDO EN CRISTÁS :-: MONTURAS ELEGANTES

Teléfono, 222 **OURENSE** Plaza Mayor, 18

BODEGAS GALLEGAS

PEARES-ORENSE-(ESPAÑA)

PEDRO ROMERO Y HERMANOS

MEDALLAS
Santiago 1909
Valencia 1910

DE ORO
Buenos-Aires-1910
S.to Juan de P.to Rico-1911

Samaniego

Fotógrafo de Moda

Luis Espada, n.º 18

OURENSE

Marina Noguerol

MODAS

SOMBREIROS
PRA
SEÑORA
E NENAS

OURENSE

Progreso, 38, pral.

GRAN CAFÉ MODERNO

CON VARIETÉS

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

OURENSE

PROGRESO, 45 **TELÉFONO, 57**

F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19 **Teléfono, 28**

OURENSE

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE„

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDÁS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPERSENTANTE N-A ARXENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 920

BUENOS AIRES

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBRICACIÓS "NÓS,,

Ano I Ourense 30 Outono 1920 Núm. 1

PRIMEIRAS VERBAS

Pra ledicia de todos e pra enseño de moitos, sai oxe Nós.

É a ansia qu' oxe sinte Galizia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrente, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nósa Raza, e mais na eficacia do nóso esforzo pra levala ó acomprimento do seu fado grorioso. Oxe chegou á vida na nósa Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nósa autividade creadora. Nós *ven a recoller todos ises esforzos d' integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo.*

Os colaboradores de Nós *poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posiciós posibles respeito das catro antinomias da mente contemporánea: poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo coleitivo de superación, a orgulosa satisfaición de seren galegos.*

Nós *ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade, de todol-os*

valores galegos: dos nósos valores tradicionás, e mais dos valores novos que cada día estanse creando na nósa Terra.

Nós *ha ser a repersentación no mundo da persoalidade galega na sua ansia de s' afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra.*

Nós *ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro* ser *de Galizia, do* Enxebrismo, *no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nósa orixinalidade específica, a nósa capacidá de creación, o nóso autóctono dinamismo mental.*

Querendo suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós *abre as suas páxinas a prestixosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co' a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideias no mundo civilizado.*

Nada mais.

E, ós que s' asombren da nósa confianza, da nósa firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hémoslle dicir que temol-a evidencia de sermol-os millores, os mais doados, os mais fortes; de que todal-as forzas do esprito están conosco, de que imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós *conta achar 'agarimo e xenerosa axuda en todol-ós que sintan d' iste xeito.*

A todol-os que nos lean

SAÚDE E TERRA.

FALA DO SOL

Aos jovens poetas galegos

N-um lar azul sem fim
sou velho tronco a arder.
Ha florestas de máos voltadas para mim,
velhinhas, a tremer...
Os cégos andrajosos
gritam por mim nas trevas. Querem luz!
Gritam por mim as arvores desfolhadas,
os róxos corpos nus,
as fontes congeladas
e os ventos invernosos...
Gritam por mim, á noite, a voz dos mundos
e os poetas moribundos...

As lagrimas da chuva,
as lagrimas do orfáo e da viuva,
as lagrimas dos tragicos vencidos,
as lagrimas dos mortos esquecidos,
pelas noites de outomno, errando ao luar,
vendo-me, em alvas nuvens se evaporam;
Nuvens que eu bebo, a rir, pelos que choram,
erguendo a Deus meu calix de amargura,
meu calix de oiro acézo, a trasbordar,
cheio de toda a humana desventura...

TEIXEIRA DE PASCOAES

O SENTIMENTO DA TERRA
NA RAZA GALEGA

I

Airiños, airiños, aires,
Airiños da miña terra,
Airiños, airiños, aires,
Airiños levoime a ela.

(Cántiga popular)

Calquera que se poña a estudial-a nósa produción espirtual galega, non pode por menos de se decatare d' unha nota que, d' un xeito ou d' outro, repétese n-ela costantementes. E, mais do que un leit-motiv, o fundo mesmo de todol-os pensamentos e de todolos sentimentos da y-alma galega. E como a nota grave, sostida, monótona do ronco, sobre da que se deseñan logo os sinxelos arabescos da gaita... Y-esta nota, que é a nota *tónica* da afeutividade da nósa raza, a forma propria da nósa saudade, é o sentimento relixioso da Terra. Sentimento esencial do lirismo nóso; sentimento que na poesía galega, chega, volta por volta, ós acentos arroubados da místeca, ós delirios da paixón erótica, ós desolamentos da mais dórida elexía...

Ouvide a Rosalía desterrada, ferida de morriña, pidir ós *airiños aires* que a trayan á nósa terra. Ela dí, consumida coa febre:

Sin ela vivir non podo,
Non podo vivir contenta,
Qu'adonde queira que vaya
Cróbeme unha sombra espesa
Cróbeme unha espesa nube
Tal preñada de tormentas,
Tal de soldás preñada,
Qu' a miña vida envenena.
. . . . . .
Si non me levás, airiños,
Quisais xa non me conesan,
Qu' a febre que de min come
Vaime consumindo lenta,
E no meu corazoncíño
Tamén treidora se ceiba.
. . . . . .
Non permitás qu' aquí morra,
Airiños da miña terra,
Qu' aínda penso que de morta
Hei de sospirar por ela.

Ouvide a Lamas Carvajal que, cego e triste, garda na sua y-alma a lembranza da nosa Terra meiga cuyos feitizos foran outrora ledicia dos seus ollos:

Non sei qu' encantamento
que amor, que poesía,
ten este chan garrido,
a terra onde nacín;
n-as alboradas ledas,
n-as noites e n-o día,
terás sempre feitizos,
grorias e luz pra mín.

Seu nome deprendino
de neno con dilicia,
direino mentras viva
c' o fogo da pasión;
cando a morrer eu vaya,
o nome de Galicia
direino misturado
c' o nome do meu Dios.

Amor grande, sabrime
qu' o corazón encerra,
tesouro d' infinitos
recordos e pracer;
encantamento doice,
o amor da nósa terra
decote con nosoutros
camiña hastra morrer.

E nos ademirables *Queixumes* de Pondal, eis como fala, lonxe da Terra, o bardo Tomil cantando «os suidosos recordos da doce Finian»:

Ós nobres fillos dos celtas
Elle doce recordar
Os eidos da doce patria
Cando en terra allea están.

Amado dos nobres celtas,
Vello pinal de Froxán;
Os teus arbres, xa encurvados,
O vento fai rebramar...
. . . . . .
Amado dos nobres celtas,
Vello pinal de Froxán;
Os nósos antepasados
Compañeiros da tua edá,
Non lonxe de tí reposan,
Mais nunca despertarán;
E os seus sepulcros antigos,
Alumbra o branco luar.

Fala a doce Rentar, morrendo de saudade:

Ou terra de San Simón
De Nande, vizosa terra;
Morra eu primeiro sin verte
Antes que de ti me esqueza.

Y-o bardo Gundar, dirixíndose ó seu val nativo:

Salvaxe val de Brantóa,
En terra de Bergantiños;
Ou val amado dos celtas
E dos fungadores pinos:
Cando Gundar prob' escuro
Sea d' este mundo ido,
No teu seo silencioso
Concédelle, val amigo,
Sepulcro a modo dos celtas,
Tan só de ti conocido.

Añon, aquil aventureiro, aquil nómada, aquil tolo romántico, mais poeta cecais na sua vida do que nos versos, cantaba tamén:

Ay! esperta, adourada Galicia,
d' ese sono en qu' estás debruzada;
do teu rico porvir a alborada
pol-o ceo enxergándose vai.

Xa cantando os teus fillos te chaman,
e c' os brazos en cruz s' espreguizan...
Malpocados! o qu' eles cobizan
é un bico dos labios da nai.

D' ese chan venturoso arrincado
pol-a man do meu negro destino,
hastra mesmo soñando maxino
eses campos risoños cruzar...
. . . . . .

De ti lonxe, querido curruncho,
eu morréndome estou d' amargura,
como a froita que vai xa madura
e entre silvas o vento a guindou.

¡Teño envidia da libre anduriña,
qu' ahí chega por todol-os mayos!

¡Teño envidia das nubes e rayos,
qu' o Sudeste á esas terras levou!

A tí voa entre ardentes salayos
sobre as trémulas alas do vento,
a saudade do meu pensamento
que de cote cravado está en tí.

Por diversos paises que eu vaya,
tí serás miña doce memoria...
¡Mesmo entrar non quixera na groria
sin primeiro pasar por áhí!!

Igual falan os modernos.

Ramón Cabanillas, o nóso meirande poeta, canta iste amore en verbas acesas:

«Lévame, meu carro, leva,
pol-a meiga terra nósa
que a miña y-alma saudosa
lonxe d' ela non se afai.
. . . . . .
¡Roda pol-os nósos eidos!
Anque hai lama no camiño;
¡é tua terra, meu carriño,
y-a terra dos meus xbós!...

e noutra parte:

¡Sempre Nai, sempre Señora,
con leda ou cativa sorte;
perto e lexos; onte, agora,
mañán... na vida e na morte!

A facenda, o creto, a vida,
o fogar... todo por élas!...

Noriega Varela vé na Montaña o mais puro y-o mais enxebre da Terra, onde Galiza é mais Galiza, e consagra a ela os seus amores:

Asaz selvosos lugares,
cautivade os meus amores!
provocade os meus cantares.

Com' a vosoutros... queréis
lles quer' ós meus anxeliños;
¡pero non lles quero mais!

E Castelao, o nóso gran artista, decía n-unha conferencia:

«Deciame un dibuxante andaluz de moito miolo, querendo espricar a morriña: «Os bos galegos tendes raices na terra; mais isas raices son elásticas, de tanta elasticidade que vos deixan dare mil voltas orredor do mundo, e alentando en chan alleo, estades sempre vivindo nos vósos eidos.» E ollade coma n-este dito d' un andaluz que comprende a nósa saudade, encérrase unha chea de cousas. E certo: os bós galegos botamos raices á beira do berce; mais non com' os arbres, non com' a edra que apreix' as pedras do pazo ou da chouza onde nacemos. As raices nósas son finiñas com' a fios; o vicio da raza lévanos lonxe do lar, da terra mesma que nos don' a forza, sen que en ningures atopemos acougo pr' ás nósas tristuras; e cando cansos da loita non podemos ir adiante, sempre temos o

camiño da volta que turra por nós c' unha forza mistereosa. E n-a volta ó lar énchense os nósos desexos. Os galegos non temos a luz da espranza diante de nós, témola detrás de nós, enriba do pazo ou da chouza onde nascemos. As miñas raices non son fios: son chicotes que non me deixan tan xiquera sahir da terra dos meus abós.»

Mais non son sö estas verbas espresas. Toda a produción literaria galega está chea d' evocaciós da aldea; cada un lembra enternecido os seus eidos familiares. E costante a evocación concreta d' ises sitios nas páxinas dos escritores, e non digamos xa na poesía popular. D' eiquí a frecuencia en Rosalía, en Pondal, en tantos outros, d' esas enumeraciós de nomes d' aldeas, de ríos, de montes, de leiras, que o amore fai ensartar n-un verdadeiro *canto adámico*...

E nos pintores, igual. Ollai a emoción relixiosa coa que están pintados ises piñeiros do Castelao, ises seus toxos frolecidos, ises seus lonxes húmedos de ría ou de val, ises seus ceos nevoentos. O mesmo amore nas casiñas aldeans e mariñeiras que tenramentes pinta Calros Sobrino, e nos anacos de paisaxe do impresionista Imeldo Corral. E ainda o mesmo misticismo o que pón nas esculturas d' Asorey a mais enxebre espresión da Raza, y-o que fai que aló en Madrid, o arquiteuto Antón Palacios se lembre das nósas pedras románicas, tan cheas da y-alma da Terra.

Un sentimento que de tal xeito penetra toda a nósa produción espirtual, non podía por menos de chamar a atención dos estraños. O que en termos mais atinados falou d' él foi un gran hespañol que non é merecente do esquecemento no que o teñen: Don Emilio Castelar. Iste home d' Estado e polígrafo andaluz, apesare de ser orador, apesare de ser hegeliano, apesare de creer na filosofía da historia, soupo comprendernos. No verboso prólego que puxo ás *Follas Novas* de Rosalía, hai cecais mais ideias qu' en todol-os seus discursos xuntos. E vede o que dí n-él:

«O certo é que esta terra falta de coor—Castelar participou com' outros tantos iberos e mediterráneos do prexuicio de qu' as terras do Norte, nas que Rubén Darío chamou *terras de brétema*, y-en xeneral as terras atlánticas, non teñen coor nin lumiosidade: abonda contra d' este prexuicio c' o que dixo Taine falando da pintura n-os Paises-Baixos—o certo é que esta terra falta de coor, ispira ós seus fillos unha paixón tan acesa que xa raya en fanatismo... Talmente as formas do paisaxe s' impoñen ós seus sentidos, ós seus sentimentos, á sua concencia, á toda a sua y-alma, á todo o seu ser, que, ó arrincalo d' elí, desarráigano coma se fora un arbre... Hai razas de tal xeito xunguidas coa sua terra que ó soparalas, soparades dous termos d' unha entidade, a y-alma y-o corpo, e concluides co-a sua esistencia... Esisten razas nómadas, pro hai outras ás que endexamais sopararíades do territorio onde nascen e que s' apegan a íl como a carne ó óso. Estas son as razas que sofren do mal do pais, chamado en grego *nostalgia*, mal horribel que concluye case que sempre coa morte... E o amore ós fogares que agarimaron os afeutos y-as paixós a cuio impelemento xuntouse o sangue y-amasouse a carne do curazón... Por iso os cantos galegos son com' os dos pobos obrigados pol-a sua latitude e pol-o seu clima a se pecharen en si mesmos y-a relacionaren os fenómenos do Universo cos afeutos y-as ideias da y-alma.»

Nótase ben que o pensador ibero escribiu esto non querendo que ninguén se deprocatase do asombro que tal disposición espirtual dos galegos, esa lei ó torrón, lle causara, e que ó seu pesar trasparéntase nas suas verbas. Cóstalles traballo comprendelo y-espricalo. E que o ibero é alleo ó senso da Natureza e nin tan xiquera sabe ollar a paisaxe. En toda a literatura crásica castelá, caseque non hai un eixempro de que se lle chame a un arbre pol-o seu nome. Pra eles, un arbre, de calquera clás que sexa, non é mais que *un arbre*. Ainda mais: os castelaos son místecos por desapego á terra. Pódia que sexa porque á sua terra se lle non pode querer... Buscan as campías do ceo porque son feas as que teñen na terra. En troques, cecais por iso hai en Galiza tanto descreído: no-nos cómpre tanto com' á eles buscal-o ceo tendo unha terra com' á que temos, unha terra que nos agarima e no-nos bota de sí coa sua brusquedade, como fai a terra de Castela...

Amore á terra, morriña e saudade... E o noso patriotismo *vexetal*, berre o que queira Peladan: Galiza non é, non pode ser nunca unha abstraución; é pra nós *A Terra* por antonomasia, mais é a Terra esta, material, que se vé, que s' óle, que s' apalpa, os eidos estes, estas herbas, istes arbres, iste ceo, iste mar... Terra espritualizada pol-o nóso amore, Terra santa e bendita de que fomos formados.

II

La terre marque d' abord sur l' homme l' ascendent chtonien.

J. Peladan *Typhonia*

Dende Taine, dende Ritter, dende Montesquieu, é unha verdade adimitida a influencia da

terra no home. Pro cecais ningún pobo tivo como o pobo galego a concencia, e mais ainda, o sentimento, o *pathos* d' esta influencia. Algús xa emprincipiamos a poñer iste sentimento como principio d' unha ética e mais d' unha estética.

Mais, asentado o feito en todo o que vai diante, que é o que tén a nosa Terra pra nos enmeigar d' ise xeito, que feitura espirtual é a da nosa Raza pra que sinta de tal xeito o feitizo, que clás de relación se dá antr' ás duas, pra que done tan pelengrino resultado? Pra un miolo galego non pode haber tema mais tentadore...

Na miña *Teoría do Nacionalismo galego* quero eu espricare esta lei que lle temos á nosa Terra, iste noso sentimento fondamental, como a *emoción do sedentarismo*. Efentivamente, nós somos un pobo de labradores, un pobo que vive dos froitos do chao, que gasta a sua vida no traballo da terra, e qu' está por elo firmementes apegado a ela. Hai en nós coma unha tendencia a nos confundir co-a Terra. Outros pobos, ainda agrícolas coma nós, axúntanse en grandes centros de poboación; nós, ó rivés: espallámonos pol-a campía adiante en aldeiñas, en casopiñas isoladas, en logariños pequenos que s' asconden nas encañadas, nos recantos dos vales, atrás dos arboredos, nun curruncho calquera: nas vilas, as hortas e as viñas métense por antr' as casas; caseque non hai vilego que non teña aldea e que non vaya a ela... Eiquí, o home vive lonxe do home, pro sempre perto da Terra. O pobo galego é o eixempro mais vivo de sedentarización rural.

Ora, o noso sentimento relixioso da Terra pudera vir, sen mais nada, do noso ruralismo, da nosa vida agrícola; pudera non ser outra cousa que a emoción do sedentarismo. Y-ainda así, sería un sentimento relixioso. O sentimento relixioso defínese d' un xeito xeneral, como o sentimento da dependencia, y-a nosa raza sinte fondamente a sua dependencia da Terra... Relixión materialista, patriotismo menos ainda que animal, se se quere; mais nós sabemos ben com' esto se pode trasmutare nos mais outos valores ideaes...

Pro, a emoción do sedentarismo non chega pr' esprical-o noso sentimento da Terra. Pirmeiramentes, a Terra, na nosa convivencia a cotío co-ela, impónse a nós d' outro xeito ainda que o da dependencia material: impónsenos estéticamentes, impónsenos pol-a sua beleza. Sentimos fondamentes os galegos a beleza da nosa Terra, y-este sentimento crea en nós o sentimento da paisaxe, o sentimento da Natureza que distingue ós nosos artistas dos artistas iberos. O sentimento da Natureza dánolo esta Terra, a nosa Terra. Si ela é pra nós a *Terra* por antonomasia, é pra nós tamén toda a Natureza: a Natureza que se fai superior a sí mesma n-este anaco, divinizándose n-él, realizando n-él o Paraíso, ostentando eiquí mais outa que en ningures a ispiración de Deus, que foi conosco mais artista, inda que non lucise tanto outros atributos... Esí Deus revélase a nós na nosa Terra por *Tiphereth*.

Ainda non é isto todo. Logo, hai en todo o que levamos estudiado: no noso ruralismo, no noso sentimento de dependermos da Terra, no noso sedentarismo, no noso sentimento da Natureza, a sobrevivencia indudabel d' unha emoción ancestral. Eu penso que é a emoción sagrada dos pirmeiros abós celtas qu' eiquí chegaron, diante do encantamento da Terra meiga qu' eiquí os prendeu pra sempre... Unha emoción que fai caír de xoenllos, coma quen sinte palpabel a presencia dos deuses, coma quen antrevé o *Gwyn-fyd* cos ollos da carne... Y-esta emoción talmente se plasmou nas suas almas primitivas, qu' estas gardaron xa pra sempre aquil deslumamento y-aquil amore qu' eles nos trasmitiron no sangue coma un heredamento espirtual que vive na lembranza escura da Raza.

Nós temos ainda a y-alma pagana d' aqueles abós que coñecían y-adoraban ás chtónicas potestades escultoras da y-alma dos pobos; aquelas mistereosas *Matres* galegas, aquela escura e subrime TELLVS, á que Caio Sulpicio Flavo, celta latinizado ou romano enmeigado por ela, pol-a Terra galega, dedicou un ex-voto...

«E' un panteísmo d' absorción—escribe Unamuno—Y-os fillos d' esta terra veneran ás benditas ánimas do Purgatorio, creen en pantasmas, agoiros e bruxerías, lémbranse dos seus mortos que vagan pol-os eidos e veneran ós arbres. O paganismo que en ningures morreu, senón que se fixo bautizar cristianándose mais ou menos, latexa eiquí mais vivo que n-outras rexiós hespañolas, seica porque o antepasado do galego, un celta, tiña unha mitoloxía naturista que non tiña o beduíno, abó do castelao, o ibero rexo...»

Eis a orixe pagana y-ancestral do noso sentimento relixioso da Terra...

Pro ainda hai mais. Hai o presentimento panteista, a concencia escura d' unha gran verdade: A nosa raza veu de lonxe, mais se pirmeiro se fixo filla da Terra por adopción, hoxe é-o por consanguinidade, é-o no sangue e na y-alma. A Raza é hoxe filla da Terra. Consérvase pol-a convivencia n-un tarreo; non somentes pol-a convivencia dos homes os ús cos outros, non

soyo pol-a mistura de sangue antr' os homes: mais ben pol-a convivencia co-a terra, cos seres dos tres reinos. A Terra é a segunda placenta ond' estamos sendo formados namentras que n-éla vivimos. O nóso corpo é un anaco d' éla, porque d' éla saca o alimento que lle dá carne e sangue: éla está en nós, nas nósas veas, nos nósos ósos, nos nósos miolos... Ela está na nósa y-alma e no nóso entendimento, que d' éla veñen que d' éla son fillos, como o corpo o é. Ela enche d' imaxes o nóso interior, y-esí como alimenta ó corpo co-as especies físecas, tamén alimenta á y-alma co-as especies sensible. Pertenecémoslle en corpo y-alma...

Sagrada Terra galega, amasada co-as cinsas dos nósos abós, co suor e co sangue dos nósos irmaus, relicario das nósas lembranzas, Terra onde sementamos nosas espranzas todas, divina Nai que nos fas divinos ó estarmos feitos da sustancia tua: pra Tí o nóso alento, o nóso esforzo, o nóso amore...

III

Aquesta terra amb tot lo que s' hi cria
es ma patria, Senyor, i no podria
esser també una patria celestial?

Johan Maragall

Sentimento da Terra: morriña e saudade... Mais a saudade é tamén a *cobiza do lonxe*... Entón?... Si: pro o sentimento da Terra y-a cobiza do lonxe danse na nósa y-alma tan entretecidos, tan envolveitos que non podemos soparalos. Pra por en craro iste misterio, compre qu' afondemos un pouco na orixe trascendental de saudade.

Un versículo do *Paramâtma Samhita* do *Rig-Veda*, dí: «O Desexo naceu pirmeiro, e foi a pirmeira semente do Espríto. Il produciu unha soparación, unha corda tendida...» Eis a ideia qu' estaba xa nas nósas orixes aryas, a ideia que, mais ou menos crara, está na yalma das razas loiras do Norte d' Europa, a ideia que latexa no fondo de todo Romantismo.

O home é un desexo descido no mundo da corporeidade. A nósa vida non é mais que iste desexo debaténdose pra se realizare. D' eiquí a Cencia, coa que queremos orgaizal-o mundo e facelo entrar inteiro adentro de nós pol-o coñecemento; d' eiquí a Arte coa que creamos mundos novos; d' eiquí o Amore co que compretamol-a nósa faltosa individualidade; d' eiquí a Relixión coa que intentamos chegarnos a Deus.

Desexo de vivir, de chegar ás cousas, de nos meter n-elas, d' atopal-a sua y-alma... Iste desexo dounos carne mortal, dounos órgaos pr' ó nóso contauto coas cousas, pr' alcendel-a cobiza de nos meter n-elas, pra tomar concencia de nós mesmos ó atopar en cada unha un valado que detén o nóso desexo, a *corda tendida* do poema védico... Pirmeiro a soparación, a distancia, o valado, o empedimento, o límite, o *río;* e consiguentementes, o esforzo pr' á unión, pr' ó achegamento, pr' á insoparación, pr' ó vencimento, pr' á libertade, a *ponte*. Coa concencia de nós mesmos (soparación, isolamento), nasce a Espranza da unión, da confusión coas cousas. A meta suprema da espranza, os índios chámanlle *Moksha*, que quere dicir a un tempo: libertade e unión coa esencia eterna de todal-as cousas: Deus.

Deus é a luz da Espranza acesa diante de nós.

Y-agora, eiquí estou eu, auto-esfinxe desolada das interrogacións que a sí mesma se fai... Esta saudade, esta sede, iste non sosegar, esta cobiza do lonxe, iste amore... Pro, non é iste amore, iste mesmo amore que se quixera ceibar fóra do mundo e da materia, non é il mesmo o que nos retén eiquí, o que nos xungue ás cousas d' iste mundo, sen nos deixar que as deixemos, o que entraba a nósa libertade? Non é il o que nos fai abrazar perdidos de saudade coa Lembranza? Pois logo, qui é isa cobiza do lonxe? De que lonxe senón é d' iste lonxe qu' está tan perto de nós?... O auto-Edipo non dará resposta namentras teña na y-alma tanta soberbia como tén...

Mais Castelao, enterpretando craramente o que nos pasa, dí: «Os galegos non temos a luz da espranza diante de nós, témola detrás de nós, enriba do pazo ou da chouza onde nascemos...» Deus é a luz da espranza acesa detrás de nós... El non é Deus a esencia divina de todal-as cousas, non é a esencia divina da nósa Terra, do nóso Lar? Logo, non temos sempre conósco a sua Presencia inefabel?... Somentes é a nósa soberbia a que nos leva a buscal-a no lonxe, en todol-os lonxes do tempo e do espacio, da razón e da utopía.

D' iste xeito sentimol-a presencia evidente de Deus na nósa Terra, que se nos fai celeste e sagrada com' unha eirexa, porta da eternidade, tabernáculo da Gracia de Deus feita beleza. Os celtas, nósos abós, non erguían templos de pedra como os orientaes: a Terra era o seu templo... Terra que sería ceo, se fora eterna... Eu sei que, coma Rosalía, se me vira no ceo, choraría de saudades pol-a miña Terra... Non poder levar comigo aquila fonte, aquil carballo, a nogueira, a casopiña, o río, o muíño, a sombra húmeda dos amieiros... Terse que soparar de todo esto pra sempre; cecais chegar a esquecelo... Ay,

non. Esquecelo non, que a lembranza é a esencia da y-alma, y-esquecer é deixar de ser; un algo que s' esquece é un pouco d' alma que morre... Esquecelo non; cecais mais ben, o ceo será o sono de vivir eiquí sempre, a eternización na lembranza eterna da Terra nósa. A mamoria é o órgao da eternidade, e non hai mais espranza que a espranza de non esquecer... Temol-a luz da espranza na lembranza mesma; xa non hai diferencia, y-a cobiza do lonxe é somentes cobiza da concencia total d' esta suprema identidade.

Eis a arela relixiosa da Raza galega. Aló, no mais fondo da y-alma, cada un de nós, na sua creencia, reza a Deus o seu rezo d' homildade. El está perto de nós, humanizado pol-o seu divino amore: os labregos contan de cando Él andaba pol-o mundo, por iste mundo que é a nósa Terra, e descobren n-ela eiquí y-elí *as pasadiñas de Nóso Señor*.

Anda antre nós, na piedosa lembranza, a padricar un novo Evanxelio: o Evanxello da Natureza, que cecais garda a fórmula úneca de concordia antr' a cencia y-a fé, que cecais ha sel-o principio d' un Novísimo Testamento: a Lei de Groria, o Evanxelio do Santo Esprito. Que d' estraño tería que s' escribira na Terra do Santo Graal?

Mais sen qu' entremos nas profecías neo-milenaristas, eis a sinificación evanxélica do nóso sentimento da Natureza: A reintegración do home na Terra, despoixas que os cecesos delirantes d' unha civilización artificial—a civilización mediterránea, a civilización d' Arquímedes e de Platón—o tiveran por moito tempo arredado d' ela; o deixármonos dos sonos de grandeza que levan de cote ós homes a ergueren novas Torres de Babel: as Torres materiaes da Mecánica e mais as Torres espirituaes e sociaes da Utopía, destinadas todas, as unhas y-as outras a s' esborrallaren no chao, enterrando no seu cascote a soberbia dos que as ergueran; a volta do Fillo Pródigo; o pobo d' Israel voltando do desterro concluída a espiación...

Todal-as convulsións étnicas e sociaes, o non acougaren os espritos, os sinos todos dos nósos tempos, indicando o afundirse d' unha civilización que quixo ser de semi-deuses e ficou sendo de formigas, teñen dentro de sí a necesidade d' unha volta á Natureza que se fai sentir d' un xeito imperioso e ineudibel. É a chamada da Terra, é a Terra que chama por nós no nóso mesmo sangue.

Siga ó redor de nós, a cega soberbia dos homes a erguer Torres de Babel: Ogallá que os galegos ergamos ainda a nósa; ogallá que axudemos á que cecais van erguer os pobos atlánticos. O imperativo da Terra preservaranos da suprema impiedade, e, os que posexámol-a y-alma da Raza, endexamais tentaremos d' escadal-o ceo.

O que entenda, que entenda.

VICENTE RISCO

AS LETRAS GALEGAS EN FRANCIA

POETAS DE GALIZIA

Pra A.-M Gossez.

As tres da mañá. As luces do cabo Vilano barren a mar escura, e amostran que o barco vai en tren de dar volta a unha das estremidades continentás da Europa, ó W. Pouquiñ' a pouco, do lado da terra, vese branquexal-o hourizonte, e logo se marcan, na poeira malva d' unha brétema imperceutibel, os deseños dos montes de Galizia, d' un fondo azul.

O nome d' ista terra fai pensar; íl imítase ó das Galias. De feito, a Galicia foi orixinalmente pobosada de Celtas, e d' en non perde deu todo a lembranza. Ben vestixos do seu pasado antecestórico, ben nomes propios, ben tradicións sobre das que poido enxertar en certa época o gran movemento da Taboa Redonda, ben rasgos de caráutere conservados pol-os seus habitadores, mariñeiros ou montañeses, serven pra aparentala coa nosa Bretaña armoricana e mais co País de Gales.

Aixiña, ó pirmeiro fogaxe do sol, desembarcaremos en Vigo, do que a ría grandiosa, capás de rivalizare coas comodidás melitares do nóso porto de Brest, está gardada ó entrar por rocas xigantes, e poderemos comprobar no tarreo ben somellanzas. Mais a Galizia deixou dende fai moito tempo de falar un idioma céltico, o que a diferencia das outras terras bretonas do estremo oucidente europeu, sen qu' esto ll' embargue de

ter unha língoa de seu. Na Edade Media, os Suevos fundaron elí un reíno independente, que contribuiu sen duda a preserval-o seu particularismo e preparou a nacencia d' unha literatura autónoma. Esta literatara esencialmente lírica e moi influenciada d' arte provenzal deixounos no *Cancionero de Baena*, curiosos testemoyos d' autoridade, e as diversas correntes que a costituen houbéranse prendido de seguro no movemento das letras portuguesas veciñas, se a políteca non houbera decidido outramentes e se a Galizia non s' houbera atopado incorporada ó Estado Castelán.

Dend' o século XVI a fin do XIX, a língoa da Galizia s' atopou rebaixada ó estado de dialeuto, e somentes dende 1862 a coraxosa provincia esquecida de todos, chegou a reencontrare unha voz ben súa. Os ecos d' ista voz teñen un acento inegabelmentes lusitano, con algo de nórdico e medieval, que mistura de boa gana a sátira coa elexía, o enternecemento saudoso coa revolta ardente ou co humor.

***

Todo o movemento romántico de renovación, de liberación, esprésase nas blasfemias violentamentes anticlericás de Manoel Curros Henríquez, morto no desterro, nos pamfletos de Valentín Lamas Carvajal, tan ben coma nas variacións idílicas, cheas do tremer de planto dos pinos da montaña que fixeron a sona d' Eduardo Pondal e de Rosalía de Castro.

A antividade inteleutual e autonomista tomou dende 1900 unha amplitude particular. As *Irmandades da Fala* axuntaron coraxosamentes as resistencias ó Castelanismo, e precuran metódicamentes por lle volver á língoa da provincia o lugar que lle é debido en todol-os domiños. Elas espállanse por todo o país e a revista *A Nósa Terra*, onde colaboran escritores portugueses, asegura a eficacia da sua propaganda, ó tempo que a *Bibrioteca popular de Galizia* s' esforza con pubricacións baratas, en faguer entrar no pobo as obras notables dos poetas e escritores da terra. Certos espritos outamentes cultivados, coma Vicente Risco, ós qu' anima unha fé ardente na nobreza da raza, principiaron ainda a chamar a atención do estranxeiro sobre o esforzo inteleutual dos seus camaradas de letras. Antre istes, tres figuras de poetas destácanse d' un xeito orixinal, e algunhas das suas producións son merecentes de seguro de pasal-o hourizonte estreito do seu curruncho desamparado.

Digamos deseguida que gracias á calidade do seu esforzo, tanto como á enerxía dos diversos artesans d' iste curioso espertar coleutivo de concencia, a Galizia parécenos chamada a xogar na recostrución políteca da Península un papel de pirmeira clás ó lado de Cataluña e é isto o que os dirixentes de Madrid s' esforzan astuciosamente de preveñir, namentras que o Portugal, por medida de prudencia ten que facer que iñora as simpatías fraternás de que é obxeto pol-o lado galego.

***

Esta fé ardente nos destinos da Galizia impregnou os dóces libros de Ramón Cabanillas: *Vento Mareiro* e *Da terra asoballada*. Por iso foi sobrenomado o Poeta da Raza.

Voltaivos un istante car' ó mar Atlántico.

Escoitade esta voz varonil, ás veces ronca como o bruar das olas sobr' os penedos, emocionante com' o queixume do vento nos pinos:

—«*La Galice monte au Calvaire.*
Aux prises avec le ciel,
elle s'est assise sur une pierre, au bord du chemin,
couverte jusqu'aux yeux de son manteau brun.
C'est le pauvre manteau
des jours d'hiver,
des jours de pluie, de vent, de neige,
de faim, d'enterrement.....
C'est le manteau des peines et du travail,
le pauvre manteau, le vieux manteau,
que l'on met pour aller voir son fils en prison
et lui donner le suprême adieu;
celui que l'on met pour payer l'impôt,
les loyers, les droits, les rentes,—le demon de l'enfer
celui que l'on met quand sortent les bateaux
qui emmènent les gallegos
au large de la mer, au large,
loin des choses familières du pays natal,
celui que l'on endosse aux jours de tourmente».

La Galice monte au Calvaire.
Elle ne porte pas sur le dos la croix du Nazaréen,
elle porte son pauvre manteau;
elle porte son vieux manteau.....

. . . . . .

Elle ne pleure pas: la source est tarie,
Des serpents lui sucent les seins;
Elle ne prie pas:
Le mal du désespoir est un mal d'âme.
Frappez-vous la poitrine à la place du cœr;
Mettez-vous à genoux,
et demandez, avec un saint amour de fils,
là au fond, là-bas
où résonnent, cristallines et claires,
la voix de la race, la voix du sentiment,
la voix de notre terre

plus forte que la prière, que la loi, que le fer:
Est-ce que les temps ne sont pas arrivés?

***

Antón Noriega Varela, simple mestre d' escola, incarna a outra fase do temperamento *galego;* coma un dos mestres autuás da poesía portuguesa Teixeira de Pascoaes, fíxose o cantor saudoso da montaña e o seu lirismo, que distingue unha gracia idílica un pouco salvaxe, mais leda, somella beber direitamentes nas fontes do folk-lore. A terra de Galizia non ten mais sinxelo intérprete:

«Je n'ai que faire des roses blanches et des œillets rouges;
ce sont les fleurs d'ajonc que je vénère.
Les fleurs frêles des ajoncs
qui folâtrent avec le Soleil à travers les épines.
A travers les épines que le ciel gratifie
de diamants par les nuits de rosée.
Oh! le cher trésor de la solitude!
Les fleurs des ajoncs sont d'or.
Elles sont de vieil or, ma mère, les fleurs
des ajoncs sauvages, pour mes dévotions!»

O poeta das *Montañesas* xunta de boa gana a inxeniosidade á inxenuidade:

—«La mer est peu noble, qui se brise
sur un grain de sable, et bien belle
est la vallée; mais la montagne
offre le voisinage du ciel.»

Mais adiante:

—«Tu te caches si bien, Soleil,
Que je ne puis t'apercevoir qu'avec peine;
Je te demande encore un rayon,
Roi de la lumière, le dernier,
Pour que les montagnes puissent sourire,
Pour que les rochers se réjouissent.»

***

López Abente, o autor punzante d' *Alento da Raza* canta n-un modo mais grave, pro que somella menos espontáneo. Ningún pol-o demais soupo millor traducire a vida fonda da raza nos seus xestos cotidians e casal-as almas coa paisaxe. As suas raras calidades d' artista son das mais outas. Un anaco permitirá de xusgalo, na medida qu' un tradutore de boa vontade haxa alcanzado a non treicionar groseiramentes ó poeta:

—«Les pins de la montagne livrent aux vents
de lentes chansons,
brodées de plaintes et de gémissements
par les soirs de brume.

Dans le reseau subtil de la rosée menue
un arc-en-ciel irise ses couleurs,
et, sur les rameaux dépouillés d'un chêne,
un corbeau noir chante ses amours.

Les ajoncs sauvages bruissent en agitant
les dards aigus
de leurs sombres frocs, et leurs plaintes dolentes
s'envolent sur l'aile des échos.

Le liquide cristal émaillé de blanche écume
se precipite por bonds sonores
du haut de la cime géant,
et serpente comme une couleuvre d'argent.

Par le sentier qui fait briller la blancheur des pierres
un lourd chariot s'avance,
en faisant grincer ses essieux,
et voilá qui tout à coup s'embourbe dans la glaisse.

Comme une statue, le jeune charretier
se tient debout devant les bœufs:
on dirait un guerrier
que les brumes enveloppent de leurs tissus:

D'un bras vigoureux et calme,
il fait jouer l'aiguillon de côté et d'autre;
à la façon d'un dieu du ciel
il parle; les bœufs tirent et la chariot s'en va.»

***

Hai ainda outros poetas de real talento; hai sabrosos contistas, críticos d' arte, filósofos, sociólogos, ainda dramaturgos; mais fállanos oxe o sitio e o tempo.

Chegaranos ben con insistir sobr' o feito de que son os escritores de Portugal e mais de Francia os que teñen o pirmeiro lugar nas preferencias dos renovadores da Galizia.

Teñamos consideración a isas simpatías voltas eispontaneamentes car' a nós e pensemos que, antr'os nosos amigos da Península, os fillos da Galizia céltica non son os menos antusiastas nin os menos leais. O seu esforzo é merecente da nosa atención.

PHILEAS LEBESGUE

La Neuville-Vault (Oise), San Xoan 1920.

(Pubricado en *Les Tablettes*, boletín mensual de Saint-Raphael (Var) 25 Santiago 1920.)

DOS NOSOS TEMPOS

A mais forte carauterísteca da maneira literaria que se chamou decadentismo, simbolismo, nephelibatismo, e qu' encheu co' as suas produciós os derradeiros anos do século XIX y-os pirmeiros do XX, foi un aleixamento despeutivo de todal-as orientaciós políteca, sociás ou científecas da nósa civilización ocidental. Sentiamol-os mozos qu' enton principiabamos a nos interesarmos pol-a literatura, un noxo fondo e forte por todol-os probremas que xa n-aquil tempo facían pendurar sobre do peito as testas dos homes serios.

Pra nós, as invenciós dos irmaus Wright e de Marconi, as cuestiós internacioás, o socialismo y-o sindicalismo, eran cousa de xente burguesa, no sentido antiliterario que nós dabamos a esta verba, boas pra que a elas atenderan Brown, Pérez, Müller ou Dupont, quer dicir, o vulgo mais ou menos ilustrado dos inxenieiros, os catedrátecos y-os académicos.

E namentres que nós, entocados nas nósas torres de marfin, ben acochados no himatión dos gregos, no albornoz dos árabes, ou nas túnecas d' Oriente, viviamos pensando no que xa pasou, camiñaba á veira nósa a procesión das brusas, as chaquetas y-os uniformes, e nós deixabámola pasar, sen facer un mal guiño nin botarlle unha ollada.

Non embargante, ó chegar a segunda década do século que corre, cand' escomenzaron a zoar no aire os pirmeiros aviós, y-a bruaren n-a terra os motores dos automóveles, cando os cinematógrafos y-as revistas deron en reproducir os *raña-ceos* y-en falaren da intensidade industrial dos Estados Unidos, cando se cofeceron os feitos cheos d' interés romanceiro dos colonos do Texas ou dos mineiros de California, en loita cos homes e co' a natureza pol-a fertuna ou pol-o ésito, algús de nós botamos sobre aquil pais mozo, de vida forte e nova, un ollar de simpatía. Pro non pasamos d' ehí, y-a pesar de Withman, de Verhaeren, de Marinetti, non chegamos a pousar a un lado as vestes d' Oriente pra vestirmol-a chaqueta e seguimos envoltos nas nósas soñaciós, vendo sin ver coma pasaban as guerras y-as revoltas e perguntando, cando o barullo do mundo chegaba a nós mais forte que a cotío, quen era ise Jaurés, ou que quería ise Bülow...

Y-esí estabamos cando estralou a guerra en 1914. Dend' os pirmeiros istantes, os berros d' anguria foron tan dooridos, tan bárbara a matanza, tan cheo d' horror o cadro d' unha Europa tola coa tolice do sangue e da morte, que nós, os despeitivos, os alleos á autualidade, os refuxados nos tempos pasados, tivemos que ollar orredor de nós, e vimos ós que foran nósos ídolos, os homes-cumes da Francia, da Ingraterra e da Alemaña aldraxábanse escudados n-un patriotismo de feira, vimos coma caían catedrás, pazos e castelos, e vimos coma no fondo das trincheiras ficaban atuados os soños d' internazonalismo e de paz...

E despoixas, cand' a loita somellaba acabar, aló, na lonxana Rusia, que nós ademirabamos tanto pol-a sua literatura, o seu orientalismo y-o seu cristianismo evanxélico, xurdíu c' unha ameaza, a pantasma da revolución social.

Nós, coma caxeque todo o mundo, mirabamos as ideias marxistas com' unha cousa de realización lonxana, que chegaría a ocurrir aló dempois de moitos anos, de séculos cecais, desenvolvéndose n-unha evolución calma e serea, somentes interrumpida pol-as violenzas das folgas, ou as resistenzas das clases industriás ós avances sorbentes dos Estados. As orientaciós pacíficas dos partidos obreiros da Europa Ocidental e Central, a mesma intervención cada día mais autiva dos seus xefes nos gobernos dábanos direito a pensalo.

Ninguén contaba coa Rusia, nazón atrasada, pouco culta, non disposta tan xiquera pra un modesto réxime democrático, e foi a Rusia a que botando por terra os tópicos evolucionistas, choutou d' un pulo, dend' o zarismo a Lenine, y-antr' o pasmo y o medo de todol-os capitalistas do mundo istaurou y-afianzou un réxime socialista.

E foi enton cando nós, como os mais, tivemol-a concencia d' un perigo qu' ameazaba non somentes ás nósas ideias de libertade púbrica, senon á nosa libertade individual, pois un comunismo estatista ó xeito ruso, que bote por terra as fortes torres dos donos da industrea e dos donos da terra, non é de supor que faga moito aprecio das nósas probes torres de marfin.

E diante do espeutáculo d' unha Moscovia co traballo obrigatorio nas fábricas, coa cencia oficial levada ós últemos estremos, c' un teatro e un arte sociás, pousamol-o himatión dos gregos, o albornoz dos árabes y-as túnecas d' Oriente, e vestindo a chaqueta demos en ollar afincadamente orredor de nós, y-esí estamos, y-esí estou...

A RODA DE SAN XOAN
POR *Castelao*

Mais, coma fai tan pouco tempo qu' eu vivo co pensamento no tempo e nos feitos d' hoxe, todo o que vos diga d' eles, ten que carecer de sabencia e de método. Viaxeiro n-un pais novo, sen *cicerone* e sen *Bædeker*, as miñas impresiós, fallas de gravedade e de preparación, han ter somentes a sinxeleza das impresiós d' un neno.

***

Din os médecos qu' o bacilo da grippe non fai mal somentes de por sí, senon qu' escita, fai medrar e dona virulencia ós outros bacilos que de cote andan conósco, á espreita d' unha ocasión pra nos botar ó camposanto.

Eu teño comparado a gran guerra co' iste bacilo da grippe, pois coma il escitou, fixo medrar e dou virulencia ás pasiós ruís que dormexaban nos homes e mais nas sociedades.

Y-esí a guerra desatou o imperialismo cego qu' armou ás nacións as unhas contra das outras, esperton as cobizas dos comerciantes, as avaricias dos banqueiros, a crueldade dos acaparadores, lanzou a moitos homes á treición y-ó patíbulo.

Á sombra da guerra, os soldados pirmeiro, os negociantes y-os revolucionarios despois, trastornaron a economía do mundo e trouxeron a fame pr' ós probes y-a riqueza pr' ós logreiros. Os hábitos guerreiros tan loubados pol-as clases altas, deron violencia e forza ás orgaizaciós obreiras y-agudizaron o perigo comunista. Gracias á *bendita guerra* coma lle chamaban os panxermanistas, gracias á *nobre guerra* de que falaban os escritores patrioteiros e militarizantes, Europa está feita un lamazal de sangue e d' estereo, y-é sabido que n-istes lamazás é onde xerminan as sementes das revolucións.

E non se diga o que pra tranquilizal-a sua concencia din os ricos. Que nunca a xente tanto se divirtiu, que nunca o diñeiro correu mais d' abondo, que nunca a vida foi mais brilante y-atraitiva, porque istas épocas nas que o mundo treme convulsionado, foron sempre com' as mazás do Xordán, douradas por fora, e podres por dentro.

Mais brilantes qu' as nósas foron as festas de Windsor e de Versailles, e Calros I e Lois XVI morreron no patíbulo.

***

E si chegaran os negros días da revolta coma xa chegaron pra Rusia, quen sostería valentemente os vellos principios y-as vellas ideias, quen saberá morrer por elas coa morte fidalga e fermosa qu' enobrece as derrotas y-empresta luz de sol, por as istitucións que desaparecen pra sempre?... Eu penso que ninguén. Perecerá algún banqueiro ó pé da sua caixa, ou algún acaparador envolto nos seus sacos de fariña; pro, morrer na campía, car' ó sol, coa espada dos cabaleiros na mau, coma morreron os *gentil hommes* de Quiberon ou os coraceiros de Marston Moor, eu case aseguro que non morrerá ninguén...

Son outros os tempos, outros os homes e moi distintal-as ideias. A mais de que, dal-a vida pol-a fe xurada a un Dios, ou defendendo a sagrada testa d' un rei ausoluto, é moi diferente que caír pelexando pol-os intereses d' unha Federación ou d' un Trust, ou defendendo as persoas de Millerand ou de Lloyd George, que nada teñen de sagradas.

***

Eu creio no trunfo do socialismo, porque creio que a sociedade humana é un orgaismo vivo, suxeto a leis biolóxicas parecidas ás que rixen o desenvolvemento d' unha planta ou d' unha besta. Quero dicir co' esto que do mesmo xeito que cando vemos botós n-unha roseira, supomos que d' elí van saír rosas, ó ver qu' unha ideia calquera vai conquerindo as concencias e facéndose un lugar nos espirtos, hai que supór que a realización d' aquela ideia é cuestión de tempo nada mais. Pensar outra cousa sería pensar que a natureza fai tonterías, e pol-o d' agora, a natureza conservou sempre a sua seriedade.

E hoxe todo é socialismo. Haino nos gobernos que gravan a renta, as trasmisiós y-o capital; haino nos patrós que piden a intervención do Estado nos seus conflíutos cos obreiros; haino nos labregos que queren vel-as suas terras liberadas de cargas pol-o mandato d' unha lei; haino aínda na testa do rentista gordo e satisfeito da sua vida e da sua renta, cando ó leer que os obreiros piden esta cousa ou a outra, dí, antre medoñento e compadecido:—«Hai que convir en que esta xente algunhas veces tén razón».

Eu creio pol-o tanto que dentro d' unhos anos, a Europa inteira ha ser un campo d' esprimentación de sociedades futuras, e creio tamén que pr' ó desenvolvemento da humanidade, esta ha ser unha cousa útil e boa, do mesmo xeito que é boa que os nenos boten os dentes ou que os paxaros muden a pruma. O que non impide que n-ises intresantes periodos das suas vidas, o paxaro non cante, y-o neno berre adoecido de doores.

Por eso ten pouco d' agradabre nacer n-unha d' estas épocas en que o mundo cambea de pruma ou de dentes...

FLORENTINO L. CUEVILLAS

O PROBREMA DO TRABALLO EN GALICIA

Ainda que somos moitos os que cuidamos que os labregos (deic' á pouco escravizados y-avau esquecidos) deben ser atendidos y-axudados pol-o Poder púbrico mais que ningún outro gallego, e qu'é necesario que a nosa terra retefia n-os agros a mór parte posibre da sua poboanza, non por eso vamos tel-a creenza de que todos han pensar coma nós e de que o industrialismo non ha de medrar n-a Galicia, nin por outra se poden ver con tranquilidade as doenzas que sofren os obreiros baixo o réximen do industrialismo. Por esta causa creemos que se deben tomare con tempo as medidas precisas pr' atallar os males do proletariado.

Parécenos equivocada a opinión de certo político conservador, de quén agora m' esquezo, respeuto da convenenza de facer ós poucos e paseniñamente a reforma social, pois esta conduta equivale a convertir as chamadas leis sociaes n-outras tantas reves feitas pra contel-o movemento d' emancipanza da clás obreira. Creemos, con toda sinceridade, que a mór parte da culpa da eisistenza da chamada custión social (coma si somentes os obreiros fosen o pobo, y-os patrós y-os obreiros fosen os únecos membros da sociedade) n-a Hespaña tivoa dita maneira de pensar.

Si os gobernos y-os partidos políticos houberan tido un ideal social, si ollaran de cara o porvir respeuto do probrema obreiro, si ainda que non aniñasen n-a sua y-alma sentementos de caridade e xusticia, tiveran esprito conservador e zorrería política, en lugar de seguil-a política alemana dos tempos da represión do socialismo (1) (valéndose dos comisionistas en tranquilidá púbrica pra que desorientasen ós traballadores, os traicionaran y-os levaran on terreo onde os gobernos puderan facer uso das bayonetas) houbéranse adiantado ós tempos prevend' os acontecementos con reformas de caráuter social y-houberan levado ás leis os prencipios sanos qu' andan esparexidos pol-as obras d' os escritores socialistas e non socialistas qu' estudiaron o probrema, non se chegaría ó estado d' impotencia e descreto en que s' alcontra o Poder púbrico: non coñezo outro medio xeitoso pra evital-o nacemento d' un ser que facer innecesaria a sua eisistencia.

Eu cuido, com' o Congreso de 1902 da Federación Nacional dos mineiros do Norte da Francia e do Paso de Calais y-o Congreso de Roubaix de 1905, qu' as custiós sociaes somentes se poden resolver rexonalmente. Do mesmo pensamento fíxose cargo a Asambleia nacionalista de Lugo que recramou pr' a Nación gallega a facultade de lexislar sobre as cuestiós sociaes. Si os catalás non recramaron a mesma faculdade pra Catalunya é debido a que a uniformidade das leis sociaes do Estado hespañol mételles n-as maus o imperialismo industrial.

Creemos que todo ideal fundado n-a natureza do home e do medio qu' o arrodea pode realizarse dentro d' un réxime que permita a penetranza n-as leis d' as novas correntes sociaes e do direito real, freisibre e movedizo, según as condiciós de lugar, tempo e persoa, que a cotío se traballa n-a «forxa tenebrosa» do pobo, posto que a soberanía reside enteira n-iste coma atributo propeo da sua natureza, y-a potestade do lexislador é un bafexo d' aquela soberanía.

Por outra, o esprito neosófico do nacionalismo gallego, non tén as soldaduras cerebraes operadas pol-os doutrinarismos n-o espirto dos políticos vellos: vive, e cobiza vivire, únecamente de realidás, sean éstas racionaes, irracionaes ou contrarracionaes; outramente nós miramos o mundo con ollos de rapaz e deducimos a verdade d' un prencipio da sua bondá ou utilidade suprema.

Non creo que o socialismo, nin o anarquismo,

(1) N-o Xaneiro de 1888, n-o *Reichstag*, ó discutirse a prórroga da lei antisocialista, o Singer y-o Bebel probaron con documentos, entr' outras cousas, qu' o impresor do periódico *Freiheit* do anarquista Most, W. Buchrer, de Schaffhausen, recibía cartas do Schroeder, o cual dependía da policía de Berlín.

O inspector de policía, A. Woglgemuth de Muehlamen, n-a Alsacia, escribía ó alfayate Lutz de Basilea o 5 d' Abril de 1889: «Téñame ó corrente do que pase y-axite vosté tranquilamente».

sexan a solución do probrema social. ¡Que van sel-a! Primeiramente, as teorías de Marx son en parte vellas y-aquivocadas e por esta razón n-o Congreso socialista internacional de Londres do ano 1890 a sociedá gabiana afirmou qu' era necesario adoutar unha postura críteca frente d' elas, o mesmo que fixo Marx c' o Saint-Simón y-o Robert Owen. Segundamente, o Congreso socialista de San Gal do ano 1887 decrarou: «que a teoría anarquista que procrama a autonomía ausoluta do indivíduo, é antisocialista e non costituye mais que unha modificación dos prencipios do liberalismo burgués, anque cretique dend' o punto de vista socialista a sociedade actual. É ante todo inarmonizabre c' os prencipios socialistas da socializanza dos medios de produción e da regramentanza social d' esta últema».

Non se deben facer causa propea os prencipios económicos socialistas, neosindicalistas, nin anarquistas. Tampouco debemos rechazalos. Un prencipio soilo ten valor cando é eficaz, y-on prencipio somentes é eficaz cando non está en contra da lóxica do sentemento do pobo, e un prencipio ainda que de momento non teña eficacia pode servir de Norte pra provocar os costumes do pobo.

A misión dos políteces é com' a indicada pol-o Dorado Montero pr' ós xurisconsultos: «en tanto que órganos da sociedade, poden e deben recollel-as aspiracións d' ésta, secundal-as, formulal-as en afirmacións categóricas, interpretal-os desexos da mesma, ilustral-a, dirixil-a, correxil-os seus erros y-estravíos, traer a refreixión ó que n-o fondo da concencia xurídica do pobo eisiste como adormilado, latente non ben defenido».

Pra autuar con eficacia n-a vida políteca hai que ter en conta os diversos intreses, eisixencias y-aspiracións dos diferentes seutores do pobo y-escoital-a opinión d' ús e d' outros e ter moi en conta todol-os móviles d' autividade económica dend' a necesidade de vivir deica a vanidade, dend' o egoismo hastr' o amor ó próximo. Hai qu' estudial-a realidá social de todol-os xeitos.

O nacionalismo gallego soilo cobiza manterse co' a realidá social gallega e por eso a nósa políteca económeca decote será unha políteca sin prencipios fixos, pois istes seguirán o mesmo proceso evulutivo qu' a realidá social, pois non hai qu' esquecer que como dí o Unamuno, toda teoría filosófica sirve pra espricar e xustificar unha ética.

Creo que é necesario modificar a lei y-encomendare ónha comisión téunica o fixamento da duración máisima da xornada pra cada industria ou profesión, pois por unha non é xusto que s' equipare o desgaste orgánico d' un carpinteiro y-o d' un empregado d' escritorio, e por outra, hai necesidade de defendel-os traballadores contr' o alcoholismo y-a tisis e procurar que recobren os proletarios a prudente adeministranza da dúbida, pois como dí o Tissié, n-o seu libro sobre a fatiga, as nóvas xeneracións perderán o espírto críteco, o sentido do posíbre e do imposíbre, que é com' o gardafrenos necesario contr' a arbitrariedá da vontade e das eisaltacións sentimentaes.

Ademais, como dí o P. Ramón Ruiz Amado J. S., Dios «condenou ó home a regal-a terra c' os seus sudores, pra abarballarlle o seu pan: pro non-o condenou a consumirse n-o traballo noitébrego entr' o barullo enxordecedor d' unha fábrica, nin a pasarse a mór parte da vida enterrado n-as negras entrañas d' unha mina de carbón... Nin a ningús d' ises traballos, fillos da civilanza *moderna*, que desbullan ó home da sua alegría e rouba ós seus labres a cántiga». (1)

E necesario tamen que s' estabreza n-a Galicia o seguro contr' o paro, a doenza, a inutilidade y-a vellez, si queremos que a civilanza gallega non sexa un monstro que devore os seus fillos coma Saturno. E indispensabre ademais imprantar unha tasa outa dos precios e dos xornales pra que a competencia non poda ter mais axuda que o milloramento da calidade dos produtos y-a baratura da mau d' obra (que non é a do xornal) e defendel-o nóso proletariado y-a nósa industria contr' a invasión dos traballadores famentos que veñen d' algures, contr' a invasión dos produtos probes e contr' a políteca comercial das primas á exportación y-o *dumping*.

Tamen é necesario evital-a loita eisistente entr' os patrós y-os traballadores, dando impulso ás asociacións d' istes mediante o estabrecemento d' unha pena pr' ós que se neguen a recoñecer a sua personalidade, imprantando a conciliación y-o arbitraxe obrigatorios n-os conflitos do traballo, fomental-os contratos coleutivos de traballo, e regramentar o contrato de traballo. Pois por unha ¿poden os industriás condenal-a conduta dos obreiros, cando moitos d' iles apesar de poseer riquezas coalíganse en cartels, trust, pools, pra aumental-as deic' o infinito á costa dos consumidores, e cubrindo a sua codicia c' o velo d' un españolismo cifrado no arancel desbullador da riqueza do pobo? ¿Non están acaso comprendidas moitas asocia-

(1) Nuestra Alegría, páxina 28.

ciós ou pautos dos patrós dentro da prohibición do Real decreto do 20 de Xaneiro do ano 1834? Por outra, si ben é certo que se debe procurar que non se comentan abusos n-a celebranza y-axustanza do contrato de traballo, os traballadores non deben esquecer que non poden monopolizar o título de crase esprotada, pois tamen participan do despoxo do consumidor (¿quén pode indicar unha folga motivada por que o patrón lle subira ó cliente o produto?), que teñen deberes que cumprir e que namentras no adiquiran o espríto d' aforro, e de disciprina y-a instrución ténnica dos negocios e da fabricación, o capitalista autivo será tan necesario ó frente do negocio com' o xeneral ó frente d' unha ceifa en campaña.

Ademais hai qu' evital-a emigración dos capitales pra outros países onde a prudencia das organizaciós obreiras sea pr' eles unha garantía.

Os Auntamentos deben utilizar todol-os medios qu' esten ó seu alcance a fin de facilitar ós veciños non soilo artículos baratos de primeira necesidá senon tamen traballo en que podan ocuparse, por esta razón, deben estabrecer reguladoras cand' o precio da carne ou do pan sexan mui subidos, por seren moitos os carniceiros e panadeiros y-estaren d' acordo entr' iles, e n-aquelas vilas onde a socordia dos individuos faga fracasare a iniciativa de constituir unha sociedade pr' á construción de casas baratas as Corporaciós municipales deben facer uso das facultades que lles concede a ley do 12 de Xulio do ano 1911 sobre casas baratas.

Un dos fis que debemos perseguir os gallegos é a nacionalización do traballo facendo que en todo estabrecemento haxa a mór parte de traballadores gallegos. Debemos d' estar xa cansos de ver como n-as casas de comercio se coloca a xente allea á nosa terra.

ARTURO NOGUEROL BUJÁN

ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZIA

Nas páxinas de Nós darase tino e acollida preferente ás investigaciós etnográficas, filolóxicas e folk-lóricas e a toda clás d' estudios que se propoñan o millor coñecemento do pobo galego.

N-esta seición iremos pubricando todol-os datos recollidos e cantos se podan recoller, conforme vayan chegando ás nósas maus. Na imposibilidade de faguermos dende logo unha clasificación sistemática, ises datos han ir sendo apilicados a un ou outro dos capítulos siguentes:

I. Xeografía e Toponimia.
II. Caraúteres antropolóxicos e fisiognómicos.
III. Fala.
IV. Literatura popular.
V. Alimento, habitación e vestido.
VI. Costumes domésticos.
VII. Festas e divertimentos.
VIII. Devociós.
IX. Tradiciós piedosas.
X. Tradiciós fabulosas.
XI. Supersticiós.
XII. Tradiciós estóricas.
XIII. Astronomía e Meteoroloxía popular.
XIV. Zooloxía e botánica popular.
XV. Meiciña popular.
XVI. Múseca.
XVII. Artes populares.
XVIII. Traballos e oficios.
XIX. Direito consuetudinario.

Cada nota que se pubrique n-esta seición levará, en números romanos, o do capítulo no que vai incruida, un título indicadore da clás d' asunto drento do capítulo, e máis o número d' orde que lle corresponda na mesma.

Os nósos leutores que posean ou podan adequirir datos sobre de calquera d' istes puntos, poden prestarnos unha valiosa axuda remetendoos á direición d' iste boletín, sempre coa indicación do lugar onde foi recollido e circustancias da persoa que o houbera ministrado.

C. IV. ADEVIÑANZAS

(RECOLLIDAS POL-O ILUSTRE POETA ANTÓN NORIEGA VARELA, NA PARTE DE MONDOÑEDO, SUA TERRA.)

Referentes ós astros e meteoros:

1 Por detrás de aquel coto,
ven un boi xoto,
e n-hai home nacido nin por nacer,
que á corte o poida traguer.

O SOL.

2 Redondiña como o pé do mular
e pasa o río sin se mollar.

A Lua.

—

3 Alto pepino
redondo molete
que chova que neve
nunca se derrete.

A Lua.

—

4 Todo conde, todo conde,
agál-o mar que non pode.

A neve.

—

5 Altas aradas,
vacas raxadas,
ollo fermón
e boi renegón.

(As altas aradas son as nubes; as vacas raxadas, as estrelas; o ollo fermón é o sol, e o boi renegón é o vento que zoa.)

—

Referentes ás bestas:

6 Non tén óso nin ostela,
y-anda debaixo da terra.

A Miñoca.

—

7 Unha señora vestida de negro,
tórnalle os cochos, que ós cás non ten medo.

A lezma ou limacha.

—

8 Unha señora deitada n-un prado,
vestida de pano labrado;
nin era pano, nin era seda,
y-o que a vé pasmado se queda.

A cobra.

—

9 Barbouzán entrou por portas
con trescentas follas postas;
trescentas follas e un ramo
n-adiviñarás est' ano
nin tampouco pro que ven
agás que cho diga alguén.

O galo.

—

10 Catro rolda-montes,
catro deita-fontes,
dous tusturustús
e un dalle-dalle.

A vaca.

(Os catro rolda-montes son os pés; os catro deita-fontes, os tetos; os tusturustús, son os cornos, e o dalle-dalle é o rabo.)

—

11 Que son eses aguzados
que andan tan aparexados?

Os cornos.

Referentes ó ovo:

12 Cucurico
non tén ollos, cú, nin bico;
y-os fillos de Cucurico,
teñen ollos, cú e bico.

O ovo *(Os fillos son os pitos.)*

—

13 Unha xarriña de fonforronfón
sin cú nin tapón.

O ovo.

—

14 Entre cancela e cancela,
unha xatiña amarela.

A yema no ovo.

—

15 N-unha casiña
moi encaleada,
hai un probiño
facendo morada.

O pito no ovo.

Referentes ás plantas:

16 Longa, longa com' a soga
e tén dentes com' a loba.

A silva.

—

17 Cen e cen
e cen fillos tén
y-a todos con leite os mantén.

A figueira.

—

18 D' un alto me miras,
comer me querías,
de ti salirá
quen a min me carretará.

(O viño na parra, falando co'a cabra, pois no pelexo d' ela ha ser carretado o viño despois de feito. O Sr. Noriega añade que contou dito o trigo, pero esto faría inexplicable a adeviñanza.)

—

19 Pucho sobre pucho,
pucho colorado.

A cebola.

—

20 Puntas pra diante,
puntas pra trás.
Adiviñarás?

As tesouras.

—

21 Pucariño,
manxariño,
nin asado,
nin cocido,
nin revolto con culler:
adiviñe quen quixer.

A noz.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

TEIXEIRA DE PASCOAES E «NÓS»

NÓS quixo que o seu pirmeiro número fora honrado c'unha páxina inédita do grande e amado Mestre.

Temos a Teixeira de Pascoaes coma cousa nósa, e n-as nósas internas devocións témol-o moi perto da santa Rosalía e de Pondal, o verbo da lembranza.

Teixeira é o Revelador da Saudade; «ise sentimento que dou forma ó nóso lirismo, ise sentimento qu'está n-a freba das nósas almas e dos nósos corazós», según a espresión do Cabanillas. Sentimento do que Teixeira fai a Etica trascendente de dous pobos irmaus... Viqueira sintetizou n-esa verba a psicoloxía galega.

Antr' os poetas da Era Neo-sebastianista, os que acenderan de novo a luz da Espranza por riba das tristuras presentes de Portugal, érguese Teixeira, o pensador iluminado, ventando a groria futura. N-as suas verbas, cheas do sentimento relixioso da Terra e da Raza, a y-alma lírica da Lusitania vírase pra Galizia buscando n-un Pasado común, a emoción da nósa solidaridade fraterna:

«....Portugal—dí en *Os Poetas Lusiadas*—que se revê na Galiza, encantado como n-un espelho maravilhoso que ao seu velho perfil restituisse o frescor, a graça, a luz da infancia.»

E n-as suas cartas, feitas de lumiosos pensamentos e cordialidade enternecida, dí a un seu amigo d'eiquí:

«....A Galiza é irmã e mãe de Portugal. Portugal saiu dos seios da Galiza; depois abandonou a Mãe e foi por esses mares fóra; fuguiu como o fillo pródigo. Mas é chegado o tempo do seu regresso ao lar materno. Temos de voltar a viver espiritualmente em comúm. Assim o exige o destino das nóssas Patrias que ainda não está cumprido. Esse destino é como disse muito bem a creação da Civilisação atlántica...»

«....No Outro Mundo ha dois Espectros que se amam e vivem sempre juntos: Rosalía e Frei Agostinho... Confiemos no seu amor que nos ha de redimir e libertar do Estrangeiro...»

«....A Saudade é a Virgem tutelar das nossas Patrias irmãs. Que elas se entendam e amem e trabalhem na mesma obra civilisadora! Sim. Eu tamém espero que os dois Povos hão de crear a Civilisação atlántica. Serenada a tempestade que agita o mundo, a Galiza e Portugal aparecerão espiritualmente casados, para affirmarem sobre a terra a sua Alma saudosa e redemptora.»

«Sim. Eu tamén creio que o nosso *sentimento saudoso* (galaico-lusitano) inclue uma nova e original maneira de encarar a Vida e o Universo. D'ahí o seu valor para os dois Povos irmãos e para a sua futura e común civilisação e preponderancia na Iberia. Nós, portugueses e galegos sômos a gente mais idealista da Península porque sômos a mais sentimental. Catalães são principalmente homems de acção, industriales e comerciantes. Eles crearão o corpo e nós crearemos a alma da futura Iberia...»

Teixeira de Pascoaes é nóso, nóso pol-o sentimento, se non-o fora coma íl dí «no sangue e na alma». E Teixeira de Pascoaes é o meirande poeta da Iberia. Ben nos podemos gabar ó procramalo irmau galego, ó invocal-o seu nome, xa tan cheo de groria aquén e alén das fronteiras da Lusitania, e tan cheo de sinificación pra nós pol-a calidá do seu pensamento e mais pol-a índole vaga o saudosa do seu estro subrime.

PHILEAS LEBESGUE

N-outro lugar traducimos un artigo d'iste outro grande amigo de Galizia. Philéas Lebesgue, gran escritor francés y-eminente lusitanista que c'unha nobre e franca xenerosidade quixo sel o intérprete da y-alma galega e o revelador da nósa literatura na cultísema Francia, fíxonos tamén a honra de nos enviar un belísimo poema, lembranza emocionada de Coimbra, a sabia e poética vila portuguesa, que pubricaremos n-o número que vén.

NOS sinte fonda gratitude pol-o ilustre amigo ó que Galizia tanto lle debe.

LETRAS E ARTES GALEGAS

Castelao deixará logo a Terra por algún tempo. Vai pensionado a se perfeucionare n-os procedementos artísticos y-estudiará a augaforte, o grabado, a litografía. Posibelmentes percorrerá Francia, Ingraterra y-os Paises Baixos. Voltará armado de novas armas pr'afirmare d'un xeito ainda mais definitivo a sua arte sempre enxebre e sempre nova. E por onde queira qu'íl vaya amostrará a todos a pederosa vitalidade do xenio galego.

***

Victoriano Taibo vai pubricar aixiña un volume de poesías que será unha nova afirmación dos seus talentos. Levara d'introdución un poema de Cabanillas... Os escritores galegos non deben esquecer que a fecundidade é tamén percisa pra s'impoñer n-o mundo.

***

Fai días que chegou de Bos Aires e mora en Ourense Farruco Lamas, un pintor mozo, nado n-esta vila. Trai unhos carbós cheos de vigor e de verdade, y-algús olios prometedores. Vén a Europa a buscal-as eternas tradicións artísticas y-atopa a sua Terra n-o seu renacemento. Renacemento ó que sen duda xuntará o seu esforzo.

***

N-a *Irmandade da Fala* da Cruña celebrouse unha Esposición de dibuxos d'Alvaro Cebreiro, un rapaz de dazasete anos que fai unha arte enxebre e chea de novedade. Seica foi a revelación d'un novo e positivo valor n-o nóso espertamento artísteco.

COLON, ESPAÑOL

por J. Rodríguez Martínez

O eminente médeco Rodríguez, agudo entendimento e curazón xeneroso, amante coma poucos da nósa Terra, trai a sua valiosa contribución á romántica empresa de reivindicar pra Galizia o contar antr' os seus fillos ó descubridore do Novo Mundo.

A ben coñecida personalidade do sabio Doutor dá unha gran importancia a iste traballo, conferencia feita n-o Circo de Artesanos da Cruña por Abril d' iste ano, e que tivo, agás d' un gran ésito, a virtualidade de chamar de novo a atención das xentes car' a unha cuestión estórica que iba xa ficando n-o esquecemento.

Ora, moito tememos que nin canta lóxica pecha poda empregar o nóso ilustre amigo, sexa d' abondo pra salval-a tése de «Colón galego» do pecado orixinal. Trátase n-ela, en pirmeiro lugar, de desmentir unha *decraración espresa* do propio Almirante, con probas hastra d' agora indiciarias somentes, e agás d' esto, o pirmeiro en propoñela, D. Celso García de la Riega, fíxose pol-o menos sospeitoso de falsificación de documentos. E si non-os enmendou, inutilizounos de todas maneiras pra faguer testemoyo estórico. Se xuntamos a esto a falla de seriedade dos que, esquecendo que un probrema estórico non é unha campaña políteca, andan faguendo da tése unha porpaganda á americana, teremos vistas as razós pol-as que a cuestión tén que ser mirada con desconfianza n-o mundo culto.

O traballo do médeco Rodríguez, pol-o demais, non deixa a cuestión n-o estado en qu' ela estaba. N-il resultan probados, dous estremos:

1.º Documental, arqueolóxica e ainda tradicionalmentes, que en Pontevedra houbo Colós e Fonterosas. 2.º Indiciariamente, a posibilidade de que Colón mintira n-a istitución do Mayorazgo e de que fora xudío e nado en Pontevedra. De resultar probado que tal fixo, Colón foi galego, mais renegou da sua Patria.—V. R.

NÉVEDA

por Francisca Herrera Garrido

Tén chamado moito a atención esta novela, e hase manter n-a autualidade ainda moito tempo. Pol-o seu volume, pol-o estilo, pol-o lengoaxe, pol-a calma conque está feita, é d' unha outa eixempraridade de traballo literario. E a novela mais moderna—non somentes por sel-a derradeira—que se tén escrito en galego, e está feita c' un fondo sentido do que a novela tén que ser. Non é unha novela d' hoxe, mais ben d' onte ou d' antronte, da edade clásica da novela francesa (a novela hespañola non esiste). Lembra as cousas de Francis Jammes pol-a tenrura, pol-a sensibilidade esquisita con que recolle o cheiro da campía, e mais pol-a fegura de Néveda, irmá das adorables Clara d' Ellebeuse e Mazá d' Anís. Novela sen tése de ningunha clás, tén un argumento d' unha sinxeleza encantadora, sen ideoloxías, nin frolacións de decadencia. E unha leutura sana, desçansada, n-a que ademais síntese n-os autos, n-as verbas, n-as cerebracións dos persoaxes, o imperio do nóso chao, a y-alma da Terra galega que se mete n-eles e os fai ser coma son: sinxelos, un pouco caviladores en forza de seren sentimentás. A leutura de *Néveda* resulta ás veces difícil, precisamentes pol-a ricura matizada d' espresión e de sonoridade qu' o galego tén elí e que é un dos méretos mais notables da novela.

D' O ERMO

por A. Noriega Varela

Noriega Varela é un dos nósos poetas repersentativos. Co Cabanillas, López Abente e outros modernos, é dos que nos dan nome alén das fronteiras. *D' o Ermo* é un libro ispirado pol-o amor ó chao, pol-o sentimento da Terra. En caxeque todol-os seus fermosos poemas esalta as cousas homildes: o musgo, os toxos, os penedos, os camiños da montaña, e somentes as deixa pra cantal-as cousas mais outas e grandes: Nóso Señor, a Virxe, Galizia, a Nai... Iste maridaxe do mais subrime co mais homilde, indica como o Poeta da Montaña tén a intuición, lumiosa metafísecamentes, éticamentes salvadora, do grandor do pequeno... A groria e o altor de ser homilde:

«par' alcazar a lua
nin xiquera é preciso ser xigante...»

A concencia d' esto é o pensamento grandioso qu' alumea n-a obra do Noriega, ond' o amore entenrecido do chao é o mais fondo sentimento.

Noriega fai poemiñas breves e sinxelos que parte querendo il, parte levado do xeito do seu estro, están sempre perto da musa popular. A sua poética, con sel-a poética de todos, tén un ideial propio: Noriega quixera chegar a facer cousas pequechiñas, sinxelas, pol-o estilo dos *haikai* xaponeses, os que pol-o demais il non coñece...

NÓ DE SALOUCOS E BÁGOAS,

por N. García Pereira

Poemas de mocedá, seguramentes. É o lirismo sentimental e saudoso da tradición galega. Dazanove poemas, dos que se poderían quitar algús—non porqu' estean mal, senón pol-o manído dos asuntos, mais ben—sen qu' o libro desmerecese. Hainos ben lindos e sentidos como os titulados *Namentral-o neto durme*—da que o millor son as verbas dirixidas ó rapás—e *Non chore minha i-ama*, que son ó tempo as mais inxénuas e sinxelas. Outros feitos con arte, com' as triadas monorímicas do *Nouturnio d' a invernia* ou as estrofas de pé crebado de *Galiça*. Tocantes á grafía empregada pol-o autore, estéticamentes non hai reparo que lle por. Os poemas campan co-ela coma páxinas dos Cancioneiros. Científicamentes, sería cousa de discutilo; práuticamentes, o Sr. García Pereira tén que ter en conta que non escribe sómentes pr' ós doutos, e que o púbrico está afeito á grafía dos escritores do século XIX.

BOLETÍN DE LA COMISIÓN
DE MONUMENTOS DE ORENSE
T. VI-N.º 133-Julio-Agosto 1920

Trai o siguente sumario: *Varones ilustres de Orense. Siglos XVI y XVII* por M. Martínez Sueiro.—*Inscripciones asturicenses en los «diarios» de Jovellanos* por Marcelo Macías.—*Pedro Díaz de Cadórniga* evocación d' unha das curiosas feguras do nóso turbulento século XV, por Benito F. Alonso.—*Documentos del Archivo Catedral de Orense* por M. Castro y M. Martínez Sueiro. Dous intresantes decumentos do século XV.

EL DÍA, TERRASSA
2 d' Octubre de 1920

Unha folla titulada *Noucents*, suprémento literario qu' acompaña ós números de *El Día*, vén a ser unha das mais intresantes revistas catalanas. Colaboran n-ela Tomás Garcés, Josep Carner, J. M. Junoy, J. Salvat-Papasseit, López Picó y-outros prestixios da mocedade catalana. N-o número derradeiramente chegado, trai dibuxos de D. Carles, Josep Aragay e E. Cristofor Ricast, e os siguentes poemas: *Enterriment del diumenge* de J. López-Picó.—*Epigrama de la humana vanitat* de Ricard Pemanyer.—*La donzella en el capvespre* de Joan Vidal Salvó.—*L' absurde* de J. Salvat Papasseit.—*A una noia de muntanya* de Joan Draper, e *Al sol* tradución de Conrado Govoni por Tomás Garcés.

A NOSA TERRA, A CRUÑA
Ano IV - N.º 128 - 25 Sebre. 1920

Esta valiosa revista qu' hastra d' agora foi sola a soster valentemente a bandeira de Galizia en todol-os ordes, tén cada día un meirande intrés. O número derradeiramente chegado trai o siguente sumario: *Vai sendo hora* por Ramón Villar Ponte, nova iniciativa do incansabel escritor nacionalista, dina de ser acollida por todos... Cand' o comenzo da loita en Cataluña, cand' un patríota catalán recibía unha carta d' outro catalán escrita en castelao, devolvíalla sen abrila: oxe xa non compre por que non se dá o caso... E nós debéramos levar a descortesía o que un galego nos falase en casteláo... —*Alma* por Johan Viqueira, notas do pensamento enxebre do ilustre profesor—*Cartas Portucalenses, Galiza, nósa irmá*, por Artur Ben-Rosh, con notas estóricas da comunidade tradicional de Portugal e Galizia.—*Portugal e Galiza* por A. Villar Ponte, en resposta a unha dedicación do gran filósófo portugués Leonardo Coimbra.—*Poemas sinxelos* por Correa Calderón, interesantes notacións líricas en prosa, de xeito cheo de novedade.—*A Academia Galega e os Nazionalistas en Mondariz.—A cantiga de María* (poema) por Manoel Antonio.—*Historia dos movimentos nacionalistas. Irlanda II.—As novas correntes politecas da Galizia* por Arturo Noguerol.—*Outro berro* por Ignacio Rodríguez.—*As predicacions no deserto*, colaboración catalana, do agudo e forte escritor Tomás Garcés.—*¡Surnum!* (poema) por Pío de Nadal.—*Libros e revistas*, sobre: *Cabanillas na Academia galega, Un manifesto futurista catalán, Nóvoa, Letras galegas en Francia, Do Ermo.*

AGUAS MINERO-MEDICINALES
BICARBONATADO-SÓDICAS
MONDARIZ

XASTRERÍA E CAMISERÍA ◆ José María Rodríguez
Fanse camisas e traxes elegantes, cómodos e duradeiros.
Pereira, 2 **Ourense**

NUEVO BAZAR ◆ *Ramón Puga & H.nos*
Muebles, Louza, Cristal, Prefumería, Mercería, Útiles de viaxe, Eleutricidá e pra regalos
Tendas 9 e 11 **OURENSE**

"GRAN HOTEL ROMA„
MONTADO CON TODO CONFORT E HIXENE MODERNOS :-: COCIÑA VARIADA E SANA
PENSIÓN COMPRETA DE 10 A 50 PESETAS
SITUADA NO MAIS CÉNTRICO DA CAPITAL
Progreso, 71 OURENSE Teléfono, 73

AUTOMÓVILES OURENSE - VERÍN ◆ Puga Mangana H.nos
SERVICIO DIARIO E RAPIDO CON COCHES COMODOS DE MARCA ACREDITADA
ADEMINISTRACIÓN: PROGRESO, 61.—OURENSE TELÉFONO 113

"LE NORD„ ◆ SEGUROS CONTRA INCENDIOS
Subdireitor en Ourense Salvador Caneiro CALLE DO INSTITUTO

PRA SE FACER RICO UN HOME DE NEGOCIOS
SERÍALLE TAN CONVENENTE
ANUNCIARSE N-O BOLETÍN "NÓS„
COMA TER BOA SORTE

TARIFA D' ANUNCIO

	Ordinario	Esclusivo
Unha plana	60 ptas.	120 ptas.
1/2 plana	30 »	60 »
1/4 plana	15 »	30 »
1/8 plana	7'50 »	

Na cuberta esterior e follas intercaladas antr' as do testo:

Unha plana	100 »	200 »
1/2 plana	50 »	100 »
1/4 plana	25 »	50 »
1/8 plana	12'50 »	

Os precios son por inserción. Nos abonos por mais de seis insercións faise un desconto, no anuncio ordinario do 10 por 100 e nos escrusivos do 15 por 100.

A CARÓN DO LUME

POR

XAVIER PRADO (LAMEIRO)

PRECIO: 2 PESETAS

LEA V.

"Teoria d'o Nacionalismo Galego„

POR VICENTE RISCO

Que lle dará luces pr'enxergal-os probremas da nosa Terra

PRECIO: CINCO REAS

"A NOSA TERRA„

BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN

Na Cruña ô mes	40 céntemos
Coste d'un número	15 »
Fora, trimestre	1'50 pesetas
América, id.	2'00 »

REDAUCIÓN Y-ADEMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. — A CRUÑA

"D'O ERMO„

(POESIAS)

POR ANTON NORIEGA VARELA

Coste: 10 reás

CRENSE
IMP. DE LA REGIÓN